



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello  
**Día:** 4 de decembro de 2014  
**Hora de comezo:** 13.35 h  
**Hora de remate:** 14.10 h

### **ASISTENTES:**

Don Jesús Sanjúas Mera  
Don Manuel Mouriño Varela  
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa  
Dona Raquel García Fraga

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Modificación do proxecto e solicitude participación no programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015**
- 3. Aprobación de certificación de obra**
- 4. Modificacións e anulacións no padrón do lixo ano 2014-2015**
- 5. Devolución taxa do lixo e anulación no padrón do ano 2015**
- 6. Aprobación de facturas**
- 7. Xustificación subvención “Fondo de Compensación Ambiental”**
- 8. Aboamento subvención destinada ó desenvolvemento do “Plan de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social”**
- 9. Alta SAF libre concorrencia**
- 10. Aprobación e aboamento de facturas de taxi polo servizo de transporte de alimentos**
- 11. Concesión axuda emerxencia social**
- 12. Contratación do subministro mediante renting de 3 fotocopiadoras para o concello de Boqueixón**

- 13. Licenzas urbanísticas**
- 14. Inicio de expediente de reposición de legalidade urbanística, no lugar de A Eirexe-Sergude**
- 15. Devolución taxa municipal por comunicación previa de actividade**
- 16. Solicitude subvención para realización de actividades deportivas, realización de investimentos deportivos e contratación de persoal técnico deportivo, ano 2015**
- 17. Rogos e Preguntas**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1.Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de novembro de 2014

### **2.Modificación do proxecto e solicitude participación no programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015**

Na Xunta de Goberno do día 6 de novembro de 2014, aprobouse o proxecto e a solicitude de participación no programa de mellora de camiños e titularidade municipal 2014-2015. Para a realización deste acordo, tívose en conta a información que a propia Consellería de Medio Rural e do Mar, entregara ó Sr. alcalde.

O día 21 de novembro, tivo entrada a resolución que envía a Xunta de Galicia e que coincide coa entregada á alcaldía excepto na asignación, posto que no sumatorio das anualidades había un erro e o importe concedido vese reducido nun euro menos.

Na Xunta de Goberno do día 6 de novembro aprobouse o proxecto da obra que se presenta no programa de mellora de camiños, por un importe de 111.025,97 euros. Debido á diferenza que hai na cantidade asignada, houbo que modificar o proxecto e consecuentemente volver a presentalo para a súa aprobación.

Polo tanto coa intención de participar neste programa a Xunta de Goberno acorda:

- 1 Aprobar a participación deste concello no Programa de mellora de camiños e e titularidade municipal 2014-2015.
- 2 Aprobar o proxecto da obra denominada “Camiño de Castro de Abaixo a Frenza ( Oural) e outros por importe de 111.024,75 euros dos que 19.268,76 euros pertencen ó IVE.
3. Acreditar que tódolos terreos que están afectados polo proxecto son de titularidade municipal.
4. Asumir, unha vez recepcionadas as obras, a súa explotación, mantemento e conservación, cando menos, por un prazo de 5 anos.

5. Manifestar expresamente que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no art. 72.1 do Regulamento (CE) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos 5 anos seguintes.

6. Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles regularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo concello.

7. Dispoñer dos fondos necesarios para realizar o pagamento das obras.

### **3.Aprobación de certificación de obra**

Por resolución da alcaldía ditada o día 9 de xullo de 2014, adxudicouse a obra denominada Senda peonil para seguridade vial na Corna ( Camporrapado) e outro, incluída no Plan POS 2014, por importe de 107.811,68 euros á empresa Oviga,SL.

O día 10 de novembro, ten entrada no rexistro municipal a certificación núm. 2 da dita obra por importe de 39.587,03 euros. Xunto coa mesma, acompáñase a correspondente factura.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

-Aprobar a certificación núm 2 da obra denominada Senda Peonil para seguridade vial na Corna (Camporrapado) e outro, incluída no Pos 2014, por importe de 39.587,03 euros, de OVIGA SL.

-Facer o pagamento correspondente á empresa adxudicataria.

### **4.Modificacións e anulacións no padrón do lixo ano 2014-2015**

#### Rexistro 14/2033

D. Julio xxxxx, en representación de Transportes Sergude, S.L, presenta unha reclamación sobre a taxa do lixo por non corresponder o epígrafe da ordenanza, que se lle aplica coa realidade.

A taxa que se lle aplica correspóndese co concepto 120700.01 da ordenanza, cun importe de 214.03 euros, relativa ás empresas, fábricas, talleres de reparación de automóbiles, aserradeiros e grandes almacéns cun número de traballadores entre 2 e 4.

Presenta, xunto co escrito de reclamación, o xustificante da Tesourería onde se acredita que non ten traballadores ó seu cargo. A actividade desenvólvea o propio empresario, polo tanto solicita a modificación da taxa pola que corresponda con 1 traballador.

Despois de cotexar a documentación presentada, xustifícase a situación reclamada, polo que a Xunta de Goberno acorda:

-Modificar no padrón do lixo do ano 2015, a taxa xerada ó suxeito pasivo Tranportes Sergude, S.L co concepto 120700.00 e por importe de 214.03 euros e poñer o concepto 120700 por importe de 173.88 euros, correspondente a 1 traballador.

-Comunicar este acordo ó interesado

#### Baixa de oficio

Desde a alcaldía realízase un informe relativo á vivenda obxecto de taxa do lixo, a nome de Moisés xxxxx.

Esta vivenda figura no padrón do lixo e segundo se advirte, achégase reportaxe fotográfica, leva máis de 5 anos sen estar habitada e na actualidade non cumpre as condicións de habitabilidade para ser usada como vivenda habitual.

Polo tanto, e debido ás queixas e á solicitude dos familiares do propietario falecido, a Xunta de Goberno acorda:

Dar de baixa no padrón do lixo do ano 2015 a vivenda a nome de Moisés xxxxx por non cumprir coas condicións mínimas de habitabilidade.

#### Rexistro 14/2084

D. Jesús xxxxx presenta un escrito no rexistro deste concello no que solicita a baixa da taxa do lixo da vivenda situada no cuartel da Garda Civil de Lestedo, xxxxx.

Segundo expón na súa reclamación, desde o ano 2010 xa non habita a vivenda anteriormente mencionada, aínda que a súa actividade laboral a segue a desempeñar nesta localidade.

Desde aquelas, vive no Concello de O Pino, feito do que achega xustificación do seu empadramento.

Por este motivo solicita a anulación do recibo do lixo deste ano e a baixa no padrón do lixo do ano 2015.

A vista destes antecedentes a Xunta de Goberno acorda:

-Anular o recibo do lixo do ano 2014 e dar de baixa no padrón do ano 2015, a taxa a nome de Jesús xxxxx, pola vivenda situada no lugar de xxxxx – Lestedo, por non habitala desde o ano 2010.

- Comunicar á Deputación que anule o recibo con núm. fixo 253000562128 a nome de Jesús xxxxx por non proceder o seu pagamento ó non vivir na vivenda obxecto do cobro.

-Comunicar este acordo ó interesado

#### Rexistro 14/2143

D. Miguel Angel xxxxx, veciño de Pazos – Lestedo, envía unha reclamación sobre da taxa do lixo, vía correo electrónico. Alega que ten dúas taxas do lixo ó seu nome e tan só é propietario dunha vivenda.

Compróbase no padrón que efectivamente ten dúas taxas, unha creada no ano 2010 pola vivenda situada en Pazos co xxxx e outra creada no ano 2012 pola vivenda situada no lugar de Pazos co xxxx. Existe unha duplicidade que non xurdiu na aplicación do padrón o ser diferente núm. de vivenda.

Á vista destes datos a Xunta de Goberno acorda:

-Anular o recibo do lixo correspondente ó ano 2014 a nome de Miguel Angel xxxxx con núm. fixo 253000728501, por duplicidade

-Comunicar a anulación deste recibo á Deputación para que procedan coa baixa do mesmo e non inicien a vía executiva

-Dar de baixa no padrón do ano 2015 o mesmo recibo por non proceder o cobro da taxa

-Comunicar este acordo ó interesado.

#### Rexistro 14/2198

D. Luis Carlos xxxxx, presenta unha reclamación sobre da taxa do lixo alegando que xa non habita a vivenda pola que tributaba no pasado ano.

A vivenda obxecto da taxa é a ubicada no Cuartel da Garda Civil no xxxxx. Presenta xustificante no que consta que xa non reside desde o ano 2013.

Polo tanto á vista dos datos achegados, a Xunta de Goberno acorda:

-Anular a taxa do lixo do ano 2014 e dar de baixa no padrón do lixo a correspondente ó ano 2015, a nome de D. Luis Carlos xxxxx.

-Comunicar á Deputación da Coruña a anulación do recibo do lixo con núm. fixo 253000562368 correspondente ó ano 2014.

-Comunicar este acordo ó interesado.

#### **5.Devolución taxa do lixo e anulación no padrón do ano 2015**

O día 13 de novembro co rexistro 14/2102, a empresa Santos Cocina y Baño, S.L presenta unha reclamación contra da taxa do lixo expoñendo os seguintes motivos:

Desde o ano 2004 estaba dada de alta no padrón do lixo a empresa mencionada, no epígrafe 120700.00 da ordenanza reguladora da taxa, correspondente a fábricas, talleres de reparación de automóviles, aserraderos e grandes almacéns de 2 a 4 empregados, no que se aplicaba unha taxa de 214.03 euros/anuais. A actividade que desenvolvía a empresa era “Tornillería e art. derivados alambre” epígrafe 3163.

No ano 2007, presentan a baixa da actividade na Axencia Tributaria, pero non comunican este feito nas dependencias municipais. (A empresa presenta a documentación xustificativa)

Desde o ano 2007 ata o presente ano, inclusive, aboan a taxa devengada pola actividade que xa non realizan e que despois de comprobar no padrón fiscal do IAE, se constata que xa non figura de alta.

O que solicita a empresa e que se devolvan as cantidades aboadas desde o ano 2010, posto que os anteriores anos xa prescribiron.

Despois de examinar a documentación que presenta a empresa e de contrastar os motivos alegados por esta, procede a devolución das cantidades aboadas indebidamente.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

-Anular no padrón do lixo do ano 2015, a empresa Santos Cocina y Baño, S.L pola actividade de “Tornillería e art. derivados alambre” cunha taxa de 214.03 euros con núm. fixo 253000562686.

-Devolver as cantidades correspondentes á taxa aboada desde o ano 2010 e que suman un total de 1.063,51 euros, a razón de 214.03 euros /ano, excepto no ano 2010 que a contía era de 207.39 euros.

-Comunicar este acordo ó interesado así como ó servizo de intervención para que proceda coa devolución das cantidades debidas.

## 6.Aprobación de facturas

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 28.958,08 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	Nombre	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	Mantemento informático mes de novembro	920	21300	600,00
2	MONTAXES ELECTRICOS FERNANDEZ, S.L.	Mantemento alumeadado público mes de outubro	150	21200	3.771,17
3	RICOH ESPAÑA S.L.U.	Mantemento fotocopiadoras mes de novembro	920	21300	805,84
4	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	Consumo móbiles 18/7-17/10	920	22200	598,94
5	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	Consumo móbiles 18/08-17/09	920	22200	559,82
6	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	Consumo móbiles 18/06-17/07	920	22200	432,66
7	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	Servizo SMS 15/10-14/11	920	22200	31,76
<b>TOTAL</b>					<b>6.800,19</b>

Aprobación de facturas pendente de pago:

	Nombre	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	ARTES GRÁFICAS ALONSO S.L.	Cartelería ruta das tapas	430	22699	411,40
2	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	Pota e batidora para escola infantil	231	22199	98,90
3	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	Renovación anual dominio ""boqueixon.es""	920	21300	21,05
4	COMPOSTELANA DE GAS 2011, S.L.	Recarga gas pavillón-campo de fútbol do Forte	341	21200	268,75
5	FERLIÑO S.L.	Disco diamante cuadrilla de obras	453	21200	50,28
6	GASOLEOS SAN BENITO, S.L.	Gasolina maquinaria P.Civil	130	22103	174,82
7	HERMANOS RENDO, S.C.	Colocación canalón Local Social Lamas	453	21200	1.222,40
8	MONTAXES ELECTRICOS FERNANDEZ, S.L.	Instalación eléctrica Local Social de Lamas	453	21200	3.919,06
9	SOGAMA-SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento lixo mes de outubro	162	21300	9.159,52
10	TALLERES Y REPUESTOS BARCO, S.L.	Placa matrícula 1599GZL	130	21300	8,25
11	ULLA OIL, S.L.	Gasoil depósitos municipais	162	22103	3.338,89
12	ULLA OIL, S.L.	Gasoil calefacción Casa do Concello	920	22199	2.269,23
13	VAZQUEZ FERNANDEZ, MARIA DEL CARMEN	Productos alimentación escola infantil	231	22199	245,94
<b>TOTAL</b>					<b>21.188,49</b>

Por unanimidade acórdase aprobar os seguintes listados de facturas de CHC Enerxía que suman un total de 969,40 euros, con cargo ao Programa 150 Económica 22100, que se desagregan por orde de entrada no rexistro quedando do seguinte xeito:

Entrada Núm. 14/2155

Rel. facturas de Gres e Udesa Rex. 14-2087

Nº factura	Cups	Importe	Dirección suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN1411000225847	ES0111000009304046LB0F	89,24	Alum. Púb. Granxola-Codeso	12/11/14	26/08/14 a 24/10/14
1CSN1410000225852	ES0111000009304058CT0F	303,21	Lugar Loureiro – Pousada	12/11/14	26/08/14 a 24/10/14
1CSN1410000225861	ES0221000009305006SM0F	136,58	Lugar Donas	12/11/14	26/08/14 a 24/10/14
1CSN1410000225887	ES0221000009313013HP0F	377,83	Lugar Camporrapado	12/11/14	27/08/14 a 26/10/14
1CSN1410000266056	ES0111000009313064CJ0F	62,54	Lugar Devesa	12/11/14	27/08/14 a 26/10/14
	<b>Total</b>	969,40			

## 7.Xustificación subvención “Fondo de Compensación Ambiental”

Esta entidade con data do 28 de maio de 2014 presentou solicitude de axuda económica mediante a Orde do 29 de abril de 2014, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas, e Xustiza, regulou os criterios de repartición e estableceu as bases reguladoras e a convocatoria de subvención da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG. núm. 82, do 30 de abril).

Que por resolución do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, de acordo co disposto na orde arriba indicada, dentro da liña de subvencións de natureza competitiva contemplada no artigo 3.1b) da devandita Orde, acordouse conceder a ese concello unha subvención para o proxecto denominado “Protección e conservación do ambiente”, por importe de 11.795,99 euros, segundo o detalle que se indica a continuación:

### **Orzamento total: 16.851,42 €**

Orzamento gastos de funcionamento: 7.000,20 €

Orzamento investimentos: 9.851,22 €

### **Importe total subvención: 11.795,99 €**

Importe subvención para gastos de funcionamento: 4.900,14 €

Importe subvención para investimentos: 6.895,85 €

### **Porcentaxe de financiamento: 70%**

Con data do 28 de agosto de 2014 mediante Decreto de alcaldía aceptouse a subvención, e con data do 3 de setembro de 2014 publicouse no DOG. núm. 167, a Orde do 28 de agosto de 2014 pola que se amplía o prazo de xustificación previsto na Orde do 29 de abril de 2014, ata o 15 de decembro de 2014.

O artigo 31 da Orde de convocatoria establece que cando deban xustificarse gastos de investimentos e de custos de funcionamento dos servizos dedicados á protección do ambiente e do espazo natural, a conta xustificativa realizarase de forma separada, e deberá presentarse unha conta para os gastos de investimentos e outra para xustificar os gastos de funcionamento.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a conta xustificativa da subvención destinada a **financiar investimentos** concedida a esta entidade ó abeiro da Orde pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvención do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2014, na que consta que:

- Se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- Esta entidade non solicitou nin lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Esta entidade non esta incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.
- Que os gastos totais soportados por esta entidade imputables á actuación subvencionada para investimento son os que se relacionan a continuación:

Acredor	Concepto	Núm. factura ou documento equivalente	Importe con IVE	Data de emisión	Data de recoñecemento da obriga
Comercial Sánchez	Adquisición de Tractor corte Fontal	M/280	9.851,22 euros	16/10/2014	29/10/2014

- Segundo informe da intervención municipal, tomouse razón na contabilidade do gasto correspondente á execución do proxecto subvencionado.
- Se cumpriu o establecido nos artigos 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Que a contratación das obras, equipamentos ou servizos se realizou consonte a normativa de contratación do sector público

2 Aprobar a conta xustificativa da subvención destinada a **financiar os custos de financiamento dos servizos municipais dedicados a protección do ambiente e do espazo natural** concedida a esta entidade ó abeiro da Orde pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvención do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2014, na que consta que:

- Se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- Esta entidade non solicitou nin lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Esta entidade non esta incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.



- Os gastos de persoal aplicados á execución do proxecto subvencionado para **funcionamento**, dentro do prazo de execución e xustificación establecido no artigo 31 da orde, son os que se detallan a continuación:

Meses de referencia	Nome e apelidos	Persoal propio/ persoal contratado	IRPF	Importe cota seguridade social por conta do traballador	Líquido percibido	Importe cota da seguridade social por conta da entidade local	Total	16,53 % aplicado sobre o importe total	Data de emisión	Data de recoñecemento da obriga
Xaneiro	Casiano Veleiro Dieguez	Persoal propio	226,22 €	116,23 €	1.273,39 €	577,49 €	2193,33 €	362,56 €	Nómina: 31/01/14 TC: 21/01/14	Nómina: 27/01/14 TC: 28/02/14
	Gonzalo Torres Gil	Persoal propio	195,42 €	108,72 €	1.199,08 €	540,17 €	2043,39 €	337,78 €		
	Elias Rodeiro Tato	Persoal propio	180,39 €	108,81 €	1.214,02 €	540,62 €	2043,84 €	337,85 €		
Febreiro	Casiano Veleiro Dieguez	Persoal propio	226,22 €	116,23 €	1.273,39 €	577,49 €	2193,33 €	362,56 €	Nómina: 28/02/14 TC: 21/03/14	Nómina: 25/02/14 TC: 31/03/14
	Gonzalo Torres Gil	Persoal propio	195,42 €	108,72 €	1.199,08 €	540,17 €	2043,39 €	337,78 €		
	Elias Rodeiro Tato	Persoal propio	180,39 €	108,81 €	1.214,02 €	540,62 €	2043,84 €	337,85 €		
marzo	Casiano Veleiro Dieguez	Persoal propio	226,22 €	116,23 €	1.273,39 €	577,49 €	2193,33 €	362,56 €	Nómina: 31/03/2014 TC: 21/04/14	Nómina: 26/03/2014 TC: 30/04/14
	Gonzalo Torres Gil	Persoal propio	195,42 €	108,72 €	1.199,08 €	540,17 €	2043,39 €	337,78 €		
	Elias Rodeiro Tato	Persoal propio	180,39 €	108,81 €	1.214,02 €	540,62 €	2043,84 €	337,85 €		
abril	Casiano Veleiro Dieguez	Persoal propio	226,22 €	116,23 €	1.273,39 €	577,49 €	2193,33 €	362,56 €	Nómina: 30/04/14 TC: 21/05/14	Nómina: 25/04/14 TC: 30/05/14
	Gonzalo Torres Gil	Persoal propio	195,42 €	108,72 €	1.199,08 €	540,17 €	2043,39 €	337,78 €		
	Elias Rodeiro Tato	Persoal propio	180,39 €	108,81 €	1.214,02 €	540,62 €	2043,84 €	337,85 €		
maio	Casiano Veleiro Dieguez	Persoal propio	226,05 €	116,23 €	1.273,56 €	577,49 €	2193,33 €	362,56 €	Nómina: 31/05/14 TC: 21/06/14	Nómina: 26/05/14 TC: 30/06/14
	Gonzalo Torres Gil	Persoal propio	195,27 €	108,72 €	1.199,23 €	540,17 €	2043,39 €	337,78 €		
	Elias Rodeiro Tato	Persoal propio	180,39 €	108,81 €	1.214,02 €	540,62 €	2043,84 €	337,85 €		
xuño	Casiano Veleiro Dieguez	Persoal propio	254,82 €	119,71 €	1.241,31 €	594,76 €	2210,60 €	365,42 €	Nómina: 30/06/14 TC: 21/07/14	Nómina: 30/06/14 TC: 31/07/14
	Gonzalo Torres Gil	Persoal propio	195,42 €	111,36 €	1.196,44 €	553,31 €	2056,53 €	339,95 €		
	Elias Rodeiro Tato	Persoal propio	180,39 €	111,36 €	1.211,47 €	553,31 €	2056,53 €	339,95 €		
Extra de xuño	Casiano Veleiro Dieguez	Persoal propio	254,82 €	0	1.361,02 €	0	1615,84 €	267,10 €	Nómina: 31/07/14	Nómina: 25/07/14
	Gonzalo Torres Gil	Persoal propio	195,42 €	0	1.307,80 €	0	1503,22 €	248,49 €		

	Elias Rodeiro Tato	Persoal propio	180,39 €	0	1.322,83 €	0	1503,22 €	248,49 €		
		Total					42348,74 €	7000,35 €		
<p>Nota aclaratoria: nas nóminas remitidas de maio de 2014 dos 3 traballadores inclúen un concepto de paga extra correspondente ó período de decembro de 2012, e dado que este non é un concepto subvencionable dado que se xustifica o período correspondente de xaneiro a xuño + paga extra de xuño de 2014, na táboa soamente se reflite o importe de IRPF e o importe Líquido a percibir que corresponde do mes de maio de 2014 unha vez descontando a citada PPE de decembro de 2012.</p>										

- Segundo informe da intervención municipal, tomouse razón na contabilidade do gasto correspondente á execución do proxecto subvencionado.
- Se cumpriu o establecido nos artigos 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A contratación das obras, equipamentos ou servizos se realizou consonte a normativa de contratación do sector público.

3. Comunicar este acordo á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

### **8.Aboamento subvención destinada ó desenvolvemento do “Plan de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social”**

Con data 25 de febreiro de 2014 o Concello de Boqueixón asinou un convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia para o desenvolvemento do “*Plan de loita contra a pobreza e a exclusión social*”, cuxo obxecto é a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás persoas necesitadas.

A actividade a subvencionar é a distribución dos produtos e os custos que isto implica entre as persoas necesitadas do Concello de Boqueixón.

O pagamento da subvención, consistente en 2000 €, fírase, segundo sinala o punto V do convenio, *nun único prazo efectivo unha vez presentada unha pequena memoria xustificativa especificando o cumprimento do obxectivo e da documentación acreditativa dos gastos realizados (orixinal ou fotocopia compulsada de facturas e os seus xustificantes dos pagos), por importe igual ou superior á cantidade concedida.*

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 6 de novembro de 2014 acordouse deixar sobre a mesa a aprobación do pagamento da subvención á Fundación Amigos de Galicia ata que a mesma presentase no concello a correspondente memoria xustificativa.

Con data 19 de novembro de 2014 tivo lugar a entrada, a través do Rexistro Xeral do Concello, da seguinte documentación da Fundación Amigos de Galicia:

- Breve memoria da actividade desenvolvida.
- Conta xustificativa dos gastos e ingresos.
- Copia cotexada das facturas
- Certificados conforme a entidade atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Certificado bancario do código de conta corrente.

Polo exposto a Xunta de Goberno, acorda:

- Facer o pagamento da contía de 2000 € á Fundación Amigos de Galicia.

- Dar conta ó departamento de Tesourería-Intervención

## **9. Alta SAF libre concorrancia**

Concesión prestación de servizos de axuda no fogar por libre concorrancia

## **10. Aprobación e aboamento de facturas de taxi polo servizo de transporte de alimentos**

O día 02 de decembro de 2014, cos números 14/2208 e 14/2209, tiveron entrada no rexistro deste Concello, as facturas correspondentes ó gasto ocasionado polo servizo de taxi para recollida de alimentos procedentes da (“Cruz Roja”) os quilómetros percorridos entre as distintas parroquias do concello, ata Camporrapado, foron realizados por Xosé M. Silva Fernández (taxi número 2 de Boqueixón) e Jesús Ramos Fernández (taxi número 6 de Boqueixón).

Este gasto, ocasionado polo servizo de taxi, farase con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación da Coruña, que recibe o departamento de Servizos Sociais para este concepto.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a factura núm. 06/14, con rexistro de entrada núm. 14/2208, a nome de Xosé M. Silva Fernández, co DNI número xxxxx (taxi número 2), polo concepto de servizo de taxi para recollida de alimentos, procedentes da (“Cruz Roja”) o 18/11/2014. Os quilómetros percorridos entre as parroquias de Lestedo, Gándara, Sergude, Gastrar, Loureda, Vigo ata Camporrapado, ocasionaron un gasto, **por importe de 112,75€.**
2. Aprobar a factura núm. 52/14, con rexistro de entrada núm. 14/2209 a nome de Jesús Ramos Fernández, co DNI número xxxxx (taxi número 6), polo concepto de servizo de taxi para recollida de alimentos, procedentes da (“Cruz Roja”) o 18/11/2014. Os quilómetros percorridos entre as parroquias de Oural, Boqueixón, Codeso e Ponteledesma ata Camporrapado, ocasionaron un gasto, **por importe de 45 €.**
3. Aprobar o pagamento das mencionadas facturas, que se fará con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación da Coruña.
4. Dar traslado deste acordo a Intervención para o seu coñecemento e efectos.

## **11. Concesión axuda emerxencia social**

Concesión dunha axuda económica por emerxencia social de pago único.

## **12. Contratación do subministro mediante renting de 3 fotocopiadoras para o concello de Boqueixón**

Desde o ano 2010, esta entidade ten asinado un contrato de renting coa empresa RICOH, para o servizo de fotocopiadoras/impresoras que son necesarias para a realización das diferentes tarefas administrativas que se levan a cabo neste concello.

No mes de xullo, a alcaldía ditou unha resolución na que se prorrogaba o contrato ata finais de ano, para mentres tanto darlle tempo á Central de Contratación da Deputación da Coruña a licitar este tipo de servizos e poder, desde esta entidade, adherirnos á contratación efectuada por dita central.

Desde a central comunicáronnos que debido ó volume de traballo non puideran licitar este tipo de servizos polo tanto vémonos na obriga de iniciar a contratación de xeito inmediato.

Dada a necesidade do subministro das máquinas multifunción (impresoras/fotocopiadoras/escaner) e debido á finalización do contrato vixente a finais de ano, a Xunta de Goberno acorda:

**1** Iniciar, por procedemento negociado sen publicidade, a contratación do subministro, mediante renting, de 3 equipos multifunción para o Concello de Boqueixón.

**2** Aprobar o seguinte prego de cláusulas administrativas particulares que vai a rexer a contratación e que a continuación se transcribe:

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDADE, DO SUBMINISTRO, MEDIANTE RENTING, DE 3 EQUIPOS MULTIFUNCIÓN PARA O CONCELLO DE BOQUEIXÓN**

## **I DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **1.-OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto do contrato será a realización de subministro, mediante renting, de 3 equipos multifunción para o Concello de Boqueixón.

A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse ás prescricións técnicas, que teñen carácter contractual.

O devandito obxecto corresponde ao código 30121100-4 da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea.

### **2.-ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

2.1.-O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

2.2.-O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

### **3.-RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

3.1.-A contratación a realizar cualifícase como contrato de subministro de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 9 e 19 do RDL 3/2011 de 14 de

novembro polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), quedando sometida a dita lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

3.2.-As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita Xurisdición.

#### 4.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR

4.1.-Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 84 do TRLCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato así como o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 55 TRLCSP, ou no caso de contratos suxeitos a regulación harmonizada, que dito estado é signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio.

4.2.-Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia, ben a través da acreditación dunha clasificación adecuada ao obxecto do contrato, ben a través, no caso da solvencia económica e financeira, dos medios a que se refire o art. 75 da TRLCSP, e, especificamente:

-Para o caso de empresas e persoas físicas non profesionais: informe de institución financeira no que, mencionando expresamente o obxecto e contía do contrato actual, sinale que é solvente economicamente para afrontalo. Para o caso de profesionais: seguro de

indemnización por riscos profesionais que garanta unha contía equivalente á deste contrato. A vixencia do seguro deberá manterse durante, polo menos, toda a duración do contrato e, así mesmo, durante o prazo de garantía.

-Presentación das contas dos tres últimos exercicios e presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. No caso de licitadores non obrigados a presentar as contas nos rexistros oficiais deberán achegar os libros de contabilidade debidamente legalizados. As empresas con implantación inferior a un ano deberán presentar os libros de contabilidade. A solvencia quedará acreditada sempre e cando o seu patrimonio neto represente cando menos un 25% do importe do contrato. Precisarase o informe de auditoría cando sexa preceptivo conforme á normativa vixente.

-Declaración sobre o volume global de negocios, mediante a presentación da declaración anual de operacións con terceiros, referido ós tres últimos exercicios. Entenderase acreditada a solvencia económica se a declaración de menor importe nos 3 últimos anos é superior ó dobre do prezo do contrato, ou, de tratarse de plurianuais, da anualidade máxima do mesmo.

Polo que respecta á solvencia técnica, por calquera dos medios previstos no artigo 76 do TRLCSP, e especificamente, mediante:

1º a relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e

2º o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que, de acordo co disposto na cláusula 11.5 do presente prego, deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscripción considérase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 223.g) da TRLCSP. (art. 64 TRLCSP)

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do Concello de Boqueixón, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

4.3.-Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrencia ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. (art. 56.1 TRLCSP)

4.4.-Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso. (art. 21 RG)

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo da documentación que pretendan aportar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación da mesma.

## 5. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

5.1.-O orzamento de licitación, baseado no consumo estimado, será de 7.860,00 euros/ano, cun IVE aplicable de 1.650,6 euros/ano, o que resulta nun importe total de 9.510,6 euros/ano.

Asumindo un posible exceso de copias de como máximo un 5% en copias en branco e negro e un 5% en copias en cor e aplicando en cada caso o prezo por páxina máximo, obtense un orzamento máximo por exceso de copias de 312,00 euros, cun ive aplicable de 65,52 euros, e resulta nun total de 377,52 euros.

Nas cantidades sinaladas, así como nas fixadas nas proposicións económicas presentadas e no importe da adxudicación, atópanse incluídos a totalidade dos gastos que ó adxudicatario lle poida producir a realización do presente contrato de acordo co previsto na cláusula 22 do presente prego. Igualmente están incluídos os gastos de entrega e transporte dos bens do subministro ata o lugar convindo e, no seu caso, os gastos de instalación dos referidos bens, non podendo superar estes últimos o 49% do prezo máximo do contrato.

Establécese un modelo de cota fixa mensual ou tarifa plana que incluírá todos os gastos derivados da prestación do servizo e que dará como resultado o importe anual para o consumo estimado.

Adicionalmente, o contrato prevé a posibilidade dun exceso do 5% como máximo sobre o número de páxinas anual en branco e negro e en cor previstos no prego.

Para a oferta económica establécese polo tanto dous apartados, que se corresponden cos criterios de avaliación correspondentes.

En ambos apartados establécese un prezo máximo por páxina:

-Prezo máximo por páxina en branco e negro: 0,007 €/páxina

-Prezo máximo por páxina en cor: 0,045 €/páxina

#### A) OFERTA ECONÓMICA PARA O CONSUMO ESTIMADO

A oferta económica baseada na estimación de consumo incluírá o importe total anual e a descrición da cota mensual tal e como se indica de seguido, detallando separadamente os custos de aluguer dos equipos e os prezos por páxina en cor e en branco e negro. No cálculo da cota os licitadores non poderán superar os prezos máximos por páxina establecidos.

COTA MENSUAL PARA OS CONSUMOS ESTIMADOS				
CONCEPTO	UNIDADES	PREZO MÁXIMO	PREZO UNITARIO	SUBTOTAL
Aluguer equipos	3 equipos	Non se establece		
Páxinas b/n	9.500 páxinas	0.007 €/páxina		
Páxinas cor	2.500 páxinas	0.045 €/páxina		
		Cota mensual		

OFERTA ECONÓMICA PARA O CONSUMO ESTIMADO Cota mensual x 12	(A)
---	-----

Os prezos máximos indicados non inclúen IVE.

A oferta económica anual non poderá superar o orzamento máximo establecido no prego.

## B) OFERTA ECONÓMICA PARA O EXCESO DE COPIA

Adicionalmente, o contrato prevé a posibilidade dun exceso do 5% como máximo sobre o número de páxinas anual en branco e negro e en cor previstos no prego, o que calculado proporcionalmente supón un tope de 500 páxinas en branco e negro e 500 páxinas en cor.

Para o cálculo da oferta económica suporase a utilización da totalidade do exceso previsto, aplicando polo tanto o número de páxinas indicado en cada caso e os prezos por páxina ofertados.

OFERTA ECONÓMICA PARA O EXCESO DE COPIA	(B)
---	-----

## 6.-CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES

Non se esixe clasificación para os contratos de subministro.

## 7.-EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 920.213.00, tratándose neste caso dun expediente anticipado de gasto, de acordo co establecido no artigo 110.2 do TRLCSP, e de carácter plurianual, de conformidade co establecido no artigo 174 do Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e o artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, quedando subordinado, polo tanto, ó crédito que no seguintes exercicios se consigne nos correspondentes orzamentos, e, en todo caso, de acordo co seguinte desglose:

Anualidade 2014: 9.510,6 euros.

Anualidade 2015: 9.510,6 euros.

Anualidade 2016: 9.510,6 euros.

Anualidade 2017: 9.510,6 euros.

## 8. REVISIÓN DE PREZOS

O prezo da presente contratación poderá ser obxecto de revisión de acordo co 85% de variación do índice de prezos ao consumo no período correspondente.

A revisión de prezos terá lugar, no seu caso, cando o contrato fora executado polo menos no 20 por cento do seu importe e transcorre un ano desde a súa adxudicación, data que se tomará como referencia a fin de determinar o momento a partir do cal procede a revisión de prezos e os seus efectos, tendo en conta o establecido no artigo 91.3 da TRLCSP.

## 9. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN

9.1.-O contrato terá un prazo máximo de execución de 4 anos, a contar desde o día que se estipule no contrato, salvo que a súa tramitación se declarase de urxencia, en cuxo caso a súa execución poderá comezar desde a data en que, unha vez adxudicado o contrato, se constituía a garantía definitiva correspondente. (art. 112.2.c TRLCSP).



## II ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

### 10.-PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

10.1.-A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación a realizar, incluídas as posibles prórrogas (art. 23.2 TRLCSP) e sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, ascende a 31.440,00 euros.

10.2.-O contrato adxudicarase, mediante procedemento negociado sen publicidade, tomando como base os seguintes criterios de adxudicación:

#### CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS:

1. Oferta económica para o consumo estimado ou tarifa plana (ata 46 puntos). Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente a maior baixa con respecto ao orzamento para o consumo estimado e puntuacións proporcionais ao resto, mediante a aplicación da seguinte formula:

$$\text{Puntos}(i) = \text{Baixa}(i) / \text{Baixa Máxima} * \text{Puntuación Máxima}$$

Onde:

- Puntos(i) son os puntos acadados para este apartado pola oferta i.
- Baixa(i) é a baixa realizada pola oferta i.
- Baixa Máxima é a máxima baixa de entre todas as ofertas válidas.
- Puntuación Máxima é a máxima puntuación prevista para este apartado

2. Oferta económica para o exceso de copias (ata 4 puntos). Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente a maior baixa con respecto ao orzamento para exceso de copias establecido no prego e puntuacións proporcionais ao resto, mediante a aplicación da seguinte formula:

$$\text{Puntos}(i) = \text{Baixa}(i) / \text{Baixa Máxima} * \text{Puntuación Máxima}$$

Onde:

- Puntos(i) son os puntos acadados para este apartado pola oferta i.
- Baixa(i) é a baixa realizada pola oferta i.
- Baixa Máxima é a máxima baixa de entre todas as ofertas válidas.
- Puntuación Máxima é a máxima puntuación prevista para este apartado.

3. Nivel de calidade de servizo (ata 20 puntos). Este apartado divídese á súa vez en tres subapartados, en base aos parámetros de calidade de servizo indicados no prego:

- Tempo de resolución de incidencias (10 puntos)
- Tempo de entrega consumibles (5 puntos)
- Tempo de resposta ante incidencias (5 puntos)

En ambos casos asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente a maior baixa con respecto ao parámetro de calidade de servizo establecido no prego, e puntuacións proporcionais ao resto, mediante a aplicación da seguinte formula:

$$\text{Puntos}(i) = \text{Baixa}(i) / \text{Baixa Máxima} * \text{Puntuación Máxima}$$

Onde:

- Puntos(i) son os puntos acadados para este apartado pola oferta i.
- Baixa(i) é a baixa realizada pola oferta i.
- Baixa Máxima é a máxima baixa de entre todas as ofertas válidas.
  
- Puntuación Máxima é a máxima puntuación prevista para este apartado

4. Software de xestión (ata 10 puntos). Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que poña a disposición do Concello un software de xestión centralizada que permita todas as funcionalidades que se indican de seguido, restando os puntos que se indican no caso de que o software ofertado non dispoña dalgunha das indicadas:

- Control de usuarios e consumo realizado (3 puntos)
- Control do estado dos equipos (2 puntos)
- Automatización de incidencias (3 puntos)
- Integración co directorio activo (2 puntos)

5. Formación e asistencia técnica aos usuarios (ata 10 puntos). Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que poña a disposición do Concello un servizo de formación e apoio á explotación durante toda a vixencia do contrato tal e como se describe no apartado de Formación do prego de prescripcóns técnicas , e puntuación nula ao resto.

6. Velocidade de escaneado (ata 5 puntos). Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente o maior incremento na velocidade de escaneado para os equipos, mediante a aplicación da seguinte formula:

$$\text{Puntos}(i) = ( \text{Ratio}(i) - 50 ) / 20 * \text{Puntuación Máxima}$$

Onde:

- Ratio(i) é o valor mínimo entre 70 e a máxima velocidade de escaneado ofertada.
  
- Puntuación Máxima é a máxima puntuación prevista para este apartado

7. Resolución (ata 5 puntos). Asignaráselle a máxima puntuación ás ofertas que presenten un nivel de resolución de 1 millón de puntos ou superior e puntuación nula ao resto.

- Equipos grupo 1 (3 puntos)
- Equipos grupo 2 (2 puntos)

Onde:

- NivelResolución = ResoluciónX (dpi) \* ResoluciónY (dpi)

## 11.-GARANTÍA PROVISIONAL

De acordo co establecido no artigo 103.1 da TRLCSP, os licitadores non deberán constituír garantía provisional.

## 12.-PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

12.1.-As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón en horas de 9 a 14, dentro do prazo de 10 días naturais a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio no perfil do contratista.

12.2.-A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (981-51.30.00), telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fose do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

12.3.-Os interesados poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil de contratante do órgano de contratación e nas oficinas do Servizo de Contratación.

12.4.-A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

## 13.-CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

13.1.-As proposicións constarán de 2 sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente **Subministro, mediante renting, de 3 equipos multifunción para o Concello de Boqueixón** e co nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de fax , e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente.

O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folla independente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

### **13.2.-SOBRE Nº 1 Subtitulado: Documentación Xeral Subministro, mediante renting, de 3 equipos multifunción para o Concello de Boqueixón**

Neste sobre, e de conformidade co disposto na Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización, substituirase a presentación da documentación que se relaciona a continuación, por unha declaración responsable indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. Esta declaración, polo tanto, será a única documentación a incluír neste sobre no momento da presentación das ofertas.

**O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o organo de contratación, previamente á adxudicación do contrato a posesión e validez dos documentos esixidos; sendo o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos**

**requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración o de finalización do prazo de presentación de proposicións.**

**En todo caso, o órgano de contratación poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.**

13.2.1.-Polo tanto, o documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, presentaranse no seu momento, na forma seguinte:

13.2.1.1.-Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar escritura de constitución, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán aportar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga ou, de tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio. (art. 55 TRLCSP)

13.2.1.2.-Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá aportar documento fehaciente acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente bastantado. A aportación da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamiento poderá suplir a aportación deste. (art. 35.f) LRJAP-PAC)

13.2.1.3.-Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da

existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

Os licitadores deberán aportar a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co sinalado na cláusula 4.2 do presente Prego

As empresas que liciten en unión temporal, deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

13.2.2.-Testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 60 da TRLCSP, comprendendo expresamente as circunstancias de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (arts. 73 e 146.1.c) TRLCSP) (anexo II deste prego)

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

13.2.3.-Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

13.2.4.-Documentación acreditativa da solvencia económica e técnica, de acordo co disposto no apartado 4.2 deste prego.

13.2.5.-A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou Deputación da Coruña, eximiralle de aportar a seguinte documentación:

-Personalidade e representación a que se refire a cláusula 13.2.1 deste prego, a condición de que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, o órgano de contratación poderá requirir a achega de dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.

-Declaración responsable a que se refire a cláusula 13.2.3, salvo no que se refire á circunstancia de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, respecto das que haberá que aportar, en todo caso, declaración responsable, formulada ante autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público.

O certificado do Rexistro de Contratistas deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación. (art. 146.3 TRLCSP)

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia.

**13.3.-SOBRE Nº 2** Subtitulado: Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento negociado, da contratación de **Subministro, mediante renting, de 3 equipos multifunción para o Concello de Boqueixón.**

O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo ao presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rexeitada. Na proposición económica, que non deberá superar o orzamento de licitación establecido na cláusula 5 do presente prego, deberá indicarse, como partida independente, o importe do IVE que deba ser repercutido. (art. 145.5 TRLCSP)

Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos, a proposición do devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

Esta documentación non se terá en conta, e, polo tanto, non será obxecto de puntuación, se non está subscria na súa totalidade polo licitador, ou se non vai acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre.

A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitude de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito derívense.

Os licitadores haberán de presentar as súas proposicións referidas á totalidade dos servizos obxecto do contrato

O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscrias. (art. 145.3 TRLCSP)

#### 14.-CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL

Concluído o prazo de presentación de proposicións, o órgano de contratación procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores contida no SOBRE Nº 1, e se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax,

telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, o órgano de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais e sempre antes da declaración de admisión das proposicións.

## 15.-APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE Nº 1 e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se conferiu ao efecto, abrirá o SOBRE Nº 2 dos licitadores admitidos contendo a documentación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

## 16.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN

16.1. O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente por valor do 5% do importe de adxudicación, excluído IVE.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

16.2. A garantía definitiva poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería Municipal.

16.3. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:

-De ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigaçión de pago. O alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.

-Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigaçóns tributarias con este último.

-Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia, polo que respecta ás obrigaçóns tributarias coa Administración Autonómica Galega.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigaçóns tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, haberá de acreditarlo mediante declaración responsable.

-O Concello comprobará, de oficio, que o licitador proposto como adxudicatario non ten débedas pendentes co Concello de Boqueixón. De telas, requiriráselle para que, no mesmo prazo de 10 días hábiles que se lle conceden para o depósito da fianza definitiva e demais taxas, aboe os importes pendentes.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigaçóns coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións a que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP .

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigaçóns tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que estean ao corrente no cumprimento das obrigaçóns sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

## 17.-ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refiren os artigos precedentes.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible de conformidade cos criterios que figuran nos prego.

A adxudicación será motivada, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.



Cando o único criterio a considerar para seleccionar ó adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte ó de apertura das proposicións.

Cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións. (art. 161.2 TRLCSP)

### III

## FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

### 18.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte á data de recepción da notificación da adxudicación na forma prevista no artigo 151.4 da TRLCSP, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e, de habelo, do das prescricións técnicas.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal. (art. 59 TRLCSP).

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a formalización do mesmo.

### IV

## EXECUCIÓN DO CONTRATO

### 19.-RESPONSABLE SUPERVISOR DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONTRATO

O órgano de contratación poderá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do traballo, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización axústase ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

### 20.-OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas, así como as instrucións que, no seu caso, lle dese o responsable do contrato designado polo órgano de contratación.

Os bens obxecto do subministro deberán ser entregados nas dependencias que designe o Concello de Boqueixón e no prazo sinalado na cláusula 12 do prego técnico, ou no que ofertase o contratista na súa proposición, se fora menor.

O mantemento dos bens subministrados realizarase igualmente de acordo coas prescricións técnicas, rexéndose os seus efectos, cumprimento e extinción polo presente prego e polas normas da TRLCSP correspondentes ós contratos de servizos.

A administración poderá inspeccionar as diferentes fases de elaboración dos bens a subministrar. Así mesmo o órgano adxudicador poderá efectuar por sí mesmo, ou ordenar ó contratista, a costa de este, a realización de análises, ensaios e probas dos materiais empregados e dos bens a subministrar, a fin de comprobar que se adecuan á calidade e idoneidade ofertadas polo adxudicatario.

O contratista estará obrigado a realizar todas as operacións que resulten necesarias para a instalación, posta en funcionamento ou posta en marcha dos bens a subministrar, de conformidade co establecido no prego de prescricións técnicas, considerándose o seu custo incluído no prezo do contrato.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, respondendo este da calidade dos bens e dos vicios ocultos que puideran apreciarse durante o prazo de garantía. (art. 215 e 292.2 TRLCSP)

Quedan exceptuados do disposto no parágrafo anterior os defectos que se poidan apreciar que sexan consecuencia directa e inmediata dunha actuación ou orde da Administración.

O contratista non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrese en moura ao recibilos.

Será obrigaón do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis. (art. 214 TRLCSP)

O contratista será responsable de obter as cesións, permisos e autorizacións dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación que, no seu caso, resulten necesarias, correndo pola súa conta o abono das indemnizacións que puidesen corresponder por tales conceptos. Así mesmo, serán responsables de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial, debendo indemnizar, no seu caso, á Administración de todos os danos e prexuízos que para a mesma puidesen derivarse con motivo da interposición de reclamacións.

Cando o acto de recepción dos bens obxecto da subministración sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da custodia dos mesmos durante o tempo que medie entre unha e outra.

O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

O contratista deberá cumprir a normativa de prevención de riscos laborais, e para cumprir a obriga do artigo 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, deberá cooperar e coordinarse co Concello para a aplicación da mesma, respectar as instrucións e normas internas de seguridade e saúde laboral do Concello e cumprir co procedemento municipal de coordinación e control de actividades e contratacións.

## 21.-GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

Son por conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación que o órgano de contratación decida realizar en diarios e en Boletíns Oficiais, así como as taxas e outros tributos que procedan de acordo co disposto nas correspondentes ordenanzas fiscais.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todos os impostos, directos e indirectos, que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista, salvo o IVE que deba ser soportado pola Administración, que se indicará como partida independente. (art. 145.5 TRLCSP)

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaren necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos.

## 22.-ABONOS AO CONTRATISTA

O contratista terá dereito ó abono dos subministros efectivamente entregados e formalmente recibidos pola Administración.

O pago realizarase contra facturas mensuais, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada pola Unidade que reciba o traballo ou, no seu caso, polo designado como responsable do contrato.

Ao remate de cada anualidade realizarase a regularización, facturando o provedor o exceso sobre o consumo estimado, sempre dentro dos límites establecidos.

Para o correcto seguimento do proxecto, o adxudicatario presentará mensualmente a documentación que xustifique o consumo real.

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión forneza efectos, e a Administración expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión. (art. 218 TRLCSP)

## 23.-CUMPRIMENTO DOS PRAZOS

O contratista queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato nos termos previstos na cláusula 9 do presente prego.

Se chegado o final do traballo, o contratista incorrese en demora, por causa imputable ao mesmo, a Administración poderá optar indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

Si se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 213.2 da TRLCSP.

#### 24.-CUMPRIMENTO DEFECTUOSO O INCUMPRIMIENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprise o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impor unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato. (art. 212.1 TRLCSP)

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor penalidades, segundo a tipificación das infraccións, do seguinte xeito:

##### **Infraccións:**

-As infraccións cualifícanse en leves, graves e moi graves, segundo as circunstancias concorrentes, e especificamente, atendendo ó menor ou maior prexuízo que con elas se cause ó funcionamento do servizo ou ó público en xeral.

-Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

-O incumprimento reiterado das condicións de execución do obxecto do contrato establecidas no presente prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais

aplicables e demais normativa aplicable, que produza consecuencias prexudiciais na prestación do servizo.

-O incumprimento polo adxudicatario da normativa en materia laboral, de seguridade Social e de prevención de riscos laborais de obrigado cumprimento, así como as obrigas económicas derivadas do imposto sobre a renda das persoas físicas ( IRPF) e Seguridade Social dos empregados.

-Ceder, subarrendar ou traspasar a totalidade ou parte do obxecto do contrato, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do Concello.

-As interrupcións ou suspensións na execución do contrato, agás cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior ou previstas neste prego, ou aínda concorrendo se non se cumpre o previsto neste prego e no de condicións técnicas e económicas.

-O incumprimento da obriga do contratista de manter en bo estado de uso e conservación os bens e instalacións adscritos ó contrato, sempre que mediara requirimento municipal para a corrección destas circunstancias, non atendido no prazo dun mes.

-O incumprimento reiterado das ordes do Concello para a execución do contrato que sexan procedentes de acordo co contido deste prego, ao prego de condicións técnicas e económicas e da normativa vixente.

-Falsear información a subministrar ó órgano de control do Concello, de conformidade co disposto neste prego de condicións e no de condicións técnicas e económicas.

-A reiteración de dúas ou máis infraccións graves no período de seis meses.

-O incumprimento da lexislación vixente en materia de confidencialidade de datos persoais e sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que puidesen derivarse para o contratista.

-Consideraranse infraccións graves :

-O incumprimento da obriga de mantemento e conservación dos bens e instalacións adscritos ó contrato, agás que tivese o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.

-O incumprimento das condicións de execución establecidas neste prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicábeis e demais normativa aplicable, salvo que tivesen o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.

-A obstrución polo adxudicatario do control e fiscalización que debe exercer o órgano de supervisión e control do Concello, cando non sexa cualificada de moi grave.

-A falta de contratación de pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refiren este prego e o de condicións técnicas e económicas.

-A reiteración de dúas ou máis faltas leves no período de seis meses.

-Considéranse infraccións leves:

-Todas as demais faltas non cualificadas como graves e moi graves e que supoñan incumprimento das condicións estipuladas neste prego e no de condicións técnicas e económicas, nas ordenanzas municipais e demais normativa aplicable.

-Cando a infracción cometida transcenda o ilícito administrativo e revista os caracteres de delito ou falta, o Alcalde porá os feitos en coñecemento das autoridades xurídicas competentes.

**-Sancións:**

-As infraccións cometidas polo xestor sancionaranse da seguinte forma:

-As infraccións leves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 3.005,06 euros.

-As infraccións graves poderán ser sancionadas con multas de contía entre os 3.005,06 euros e os 9.015,18 euros.

-As faltas moi graves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 30.050,60 euros ou declarar a resolución do contrato.

Todas as sancións imporanse logo da audiencia e tramitación de expediente sancionador, de acordo coas normas reguladoras do procedemento administrativo sancionador.

V

SUBCONTRATACIÓN

25.-SUBCONTRATACIÓN

O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato, sempre que o importe total das partes subcontratadas non supere o 60% do importe de adxudicación do contrato.

Para levar a cabo a subcontratación da execución parcial de prestacións obxecto do contrato principal, o contratista deberá comunicalo por escrito ao órgano de contratación cunha antelación mínima de 5 días hábiles á data en que vaia iniciarse a execución do subcontrato, achegando, ao mesmo tempo, a seguinte documentación:

Comunicación do subcontrato a celebrar, subscria polo contratista e o subcontratista, con indicación das prestacións ou partes do contrato a subcontratar e o seu importe.

Declaración responsable do subcontratista, formulada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non atoparse inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos supostos do artigo 60 da TRLCSP.

Declaración do contratista de que as prestacións a subcontratar, conxuntamente con outros subcontratos precedentes, se os houberse, non exceden do 60% do importe de adxudicación

do contrato principal, con indicación expresa dos importes de cada un dos subcontratos realizados e da porcentaxe que o seu importe actual acumulado, incluído o que é obxecto de comunicación, representa sobre o orzamento de adxudicación do contrato principal.

Compromiso do contratista de cumprimento do previsto no artigo 227 da TRLCSP.

As modificacións que se produzan nas prestacións obxecto do subcontrato ao longo da súa execución, deberán ser notificadas por escrito ao órgano de contratación, nun prazo non superior a quince días de producirse a mesma, con indicación das modificacións producidas.

Será requisito indispensable para o abono das correspondentes certificacións ou facturas ao contratista, que o director ou supervisor da execución do contrato emita informe ou dilixencia facendo constar a porcentaxe subcontratada ata a data polo contratista para a execución do contrato principal ou, no seu caso, constatando que non se produciu subcontratación.

## VI

### MODIFICACIÓN DE CONTRATO

#### 26.-MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido nos artigos 210, 219 e 296 da TRLCSP. En tales casos estarase ao disposto nos artigos 156 e 219 da TRLCSP.

#### 27.-SUSPENSIÓN DO TRABALLO OBXECTO DO CONTRATO

Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 216.5 da TRLCSP e a cláusula 25.2 do presente prego, levantarase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada a suspensión, a Administración abonará ao contratista, no seu caso, os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 300 da TRLCSP.

## VII

### FINALIZACIÓN DO CONTRATO

#### 28.-CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

Se o obxecto do contrato non se atopase en condicións de ser recibido, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para

que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, a prestación efectuada non se adecua ó contratado, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obrigaón de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

Poderá realizarse recepción parcial daquelas partes do obxecto do contrato susceptibles de ser executadas por fases e de ser utilizadas de forma separada ou independente.

## 29.-RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de en os supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 299 da TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 300 da TRLCSP.

## 30.-PRAZO DE GARANTÍA

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de UN ANO, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o subministro realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, á súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar nos bens subministrados, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incorrer, de acordo ao establecido no presente prego e no artigo 225.4 da TRLCSP.

Se se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos bens fornecidos, a Administración poderá esixir ao contratista a reposición dos que resulten inadecuados, ou a reparación dos mesmos, se esta fose suficiente.

Durante o prazo de garantía o contratista poderá coñecer e manifestar o que estime oportuno sobre a utilización dos bens subministrados.

Se o órgano de contratación estimase, durante o prazo de garantía, que os bens fornecidos non son aptos para o fin pretendido, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao contratista, e exista a presunción de que a reposición ou reparación de devanditos bens non será bastante para lograr o fin poderá, antes de expirar devandito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista, quedando exento da obrigaón de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

## 31. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

Cumpridas polo contratista as obrigaóns derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, dítarase acordo de devolución ou cancelación daquela.



Transcorridos 6 meses desde a data de finalización do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederá, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 100 da TRLCSP.

### 32.-CONFIDENCIALIDADE

A empresa adxudicataria comprométese a tratar de xeito confidencial calquera información á que tivera acceso durante a prestación dos servizos obxecto de contrato, e que teña a consideración de confidencial.

En calquera caso, estará suxeito ó cumprimento do Protocolo Municipal de Seguridade para a Protección de Datos de Carácter Persoal, así como a toda a lexislación vixente nesta materia.

A tales efectos, non terían a consideración de confidenciais os datos que:

-Sexan de dominio público ou que pasen a ser de dominio público durante o desenvolvemento do proxecto.

-Sexan lexitimamente recibidos pola empresa adxudicataria dun terceiro.

De igual xeito, a empresa adxudicataria responsabilizarase do cumprimento das obrigas de confidencialidade por parte do persoal ó seu servizo que participe no proxecto.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, no que se refire ó acceso de datos de carácter persoal vinculado á prestación de servizos por conta de terceiros, o persoal da empresa manterá a máis estrita confidencialidade sobre a información subministrada polo Concello de Boqueixón con motivo da execución do presente traballo, comprometéndose a protexer axeitadamente e facer que se utilice a devandita información unicamente para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

Unha vez cumpridos ós servizos ós que se refire o presente Prego, calquera documento que conteña datos confidenciais, sexa cal sexa o soporte, deberá ser destruído ou devolto ó Concello.

### 33.-DESTINO E PROPIEDAD INTELECTUAL

Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable respecto á propiedade intelectual, o adxudicatario e todo o persoal externo que participe neste proxecto, aceptan expresamente que a propiedade intelectual dos produtos obtidos no desenvolvemento do mesmo corresponden ó Concello de Boqueixón con exclusividade e a todos os efectos e, en consecuencia, non poderán ser reproducidos total ou parcialmente sen a previa e expresa autorización escrita do Concello.

En consecuencia, todos os traballos realizados polo adxudicatario e por calquera dos seus empregados para a execución deste proxecto, serán propiedade exclusiva do Concello. Nin a empresa adxudicataria nin os seus empregados poderán utilizar os devanditos traballos ou

facilitar o acceso ós mesmos a terceiras persoas, físicas ou xurídicas, sen a correspondente autorización e consentimento expreso e por escrito do órgano competente do Concello.

A empresa adxudicataria e os empregados da mesma que participen nos traballos, ou que teñan coñecemento dos mesmos, deberán manter absoluta confidencialidade.

#### 34.-DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLOS LICITADORES

A documentación presentada polos licitadores que non resulten adxudicatarios do contrato soamente será devolta previa petición escrita das respectivas empresas e realizarase á súa costa.

Transcorridos 4 meses desde a adxudicación definitiva do contrato sen que fora solicitada a súa devolución, o Concello de Boqueixón procederá, no momento que corresponda, á súa destrución sen máis trámite.

### ANEXO I

#### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. ...., con D.N.I. nº ....., maior de idade, con domicilio en ....., vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados polo Concello de Boqueixón para a contratación de Subministro, mediante renting, de 3 equipos multifunción para o Concello de Boqueixón, e aceptando integramente o contido dos mesmos, en nome ..... (propio ou das persoa/s ou entidade/é que representa especificando neste último caso as súas circunstancias), comprométese a executar o contrato de referencia polo seguinte importe:  
Prezo base sen IVE (en letras e números) : \_\_\_\_\_ euros/ano.

( \_\_\_ %) IVE: \_\_\_\_\_ euros/ano.

Prezo total IVE incluído: \_\_\_\_\_ euros/ano.

Que se obtén a partir das seguintes táboas nas que se detallan os prezos unitarios e importes (ambos sen IVE) relativos ao consumo previsto (A) e ao exceso de copia previsto (B) correspondendo os totais en cada caso aos criterios cuantificables numericamente 1 e 2 respectivamente:

COTA MENSUAL PARA OS CONSUMOS ESTIMADOS				
CONCEPTO	UNIDADES	PREZO MÁXIMO	PREZO UNITARIO	SUBTOTAL
Aluguer equipos	3 equipos	Non se establece		
Páxinas b/n	9.500 páxinas	0.007 €/páxina		
Páxinas cor	2.500 páxinas	0.045 €/páxina		
	Cota mensual			

OFERTA ECONÓMICA PARA O CONSUMO ESTIMADO Cota mensual x 12	(A)
---	-----

OFERTA ECONÓMICA PARA O EXCESO DE COPIA	(B)
---	-----

Lugar, data e sinatura do licitador

## ANEXO II

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ en nome propio ou en representación da empresa \_\_\_\_\_ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de Subministro, mediante renting, de 3 equipos multifunción para o Concello de Boqueixón declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) da TRLCSP.

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten débedas pendentes co Concello de Boqueixón.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

### 3. Solicitar ofertas ás seguintes empresas e publicalo no perfil do contratista:

#### A) CANON

S. Lázaro, 98-B Local 9  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

#### B) Xestión Dixital Compostela, SLU

Parque empresarial Milladoiro

R/ das Hedras, 46 D

15895 Milladoiro – Ames

#### C) OFINOLTA

C/ de José Echegaray, 6

15006 A Coruña

#### D) RICOH ESPAÑA SL

Avda. de Calvo Sotelo, 21

15004 A Coruña

#### E) FOGA

C/ Pasteur 32 - Polígono do Tambre

15890 Santiago de Compostela (A Coruña)

### 13. Licenzas urbanísticas

Ampliación de prazo, para a finalización das obras de execución de conservación de cuberta, dunha vivenda unifamiliar existente, no Burgo – Lamas. Exp.: 11/2663

#### Antecedentes:

Con data do 28/11/2014 (registro de entrada nº: 14/2194, de data do 29/11/2014), por Jesús xxxxxx, con DNI nº: xxxxxx, e por Victoria xxxxxx, con DNI nº: xxxxxx, preséntase unha solicitude de ampliación do prazo final de execución de obras, de conservación de cuberta en vivenda unifamiliar existente, situada no lugar do Burgo, na parroquia de Lamas, coa

preceptiva licenza municipal de obras nº: 11/1225, concedida con data do 07/12/2011, recibindo o promotor a notificación da mesma, con data do 13/12/2011.

Vista esta solicitude, e en aplicación ó Artigo 197 (Capítulo II, Título VI) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, no que se establece a caducidade das licenzas municipais de obras, sinalándose no apartado 2, que os municipios poderán conceder prórroga, dos referidos prazos da licenza, por unha soa vez e por un novo prazo, non superior ao inicialmente acordado, e logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, polo que despois de examinar o expediente, compróbase que a dita licenza foi concedida en Sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local, con data do 07/12/2011, e foi recibida polo promotor, a notificación da mesma, con data do 13/12/2011. Visto que se cumpren as condicións necesarias para outorgar un novo prazo de execución, a Xunta de Goberno acorda:

**Conceder** un novo prazo de finalización das obras, ata o **13 de decembro de 2017**, con relación á licenza municipal de obras nº: 11/1225, a nome de Jesús xxxxx, con DNI número xxxxx, e Victoria xxxxx, con DNI número xxxxx, para a execución de obras de conservación de cuberta, en vivenda unifamiliar existente, situada no lugar do Burgo, na parroquia de Lamas, en aplicación ao disposto no art. 197 (Cap. II, Título VI) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

#### **14.Inicio de expediente de reposición de legalidade urbanística, no lugar de A Eirexe-Sergude**

##### Antecedentes:

1/ Con data do 3 de outubro de 2014, entrada número: 14/1795, recíbese unha denuncia urbanística, presentada por José María Souto Temes, como capataz de obras do Concello de Boqueixón, contra don Nilo xxxxx, como promotor das obras en execución, da ampliación dun muro de formigón para silo forraxeiro preexistente, que se realiza na parcela catastral nº.: 15012A072004860000ET, propiedade catastral a nome de herdeiros de Sofía xxxxx, sita no lugar da Eirexe, na parroquia de San Verísimo de Sergude (Boqueixón – A Coruña).

2/ Segundo a denuncia presentada, o promotor realizou un muro de formigón lateral de silo, construído a 90 cm. do lateral da pista municipal número: 375, do inventario municipal de bens, achegando reportaxe fotográfica acreditativa do descrito.

3/ Con data 21 de outubro de 2014, con rexistro de saída número: 14/954, pola alcaldía, ponse en coñecemento do interesado a denuncia presentada, conferíndolle o trámite de alegacións, no prazo de 15 días, para que manifesta canto estime oportuno, á vez que se lle comunica que pode examinar o expediente e obter copias do mesmo.

4/ Transcorrido dito prazo, non se recibiron no concello manifestacións por parte do interesado.

5/ Con data do 21 de novembro de 2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase o correspondente informe no cal sinala:

- *“Compróbase a existencia dun muro de formigón armado de execución recente, que amplía un xa existente, tamén de formigón. O citado muro ten unha altura variable, tendo*

*o punto de menor altura unha dimensión de 1,70 metros; e localízase a unha distancia mínima de 2,30 metros do eixe da vía pública.”*

- *“A parcela na que se realizaron as actuacións, linda cunha vía pública de tipo V, municipal. Segundo o artigo 57 da normativa das NNSS, nas vías tipo V, as liñas de peche de parcela localizaranse, como mínimo a 5 m do eixe.”*
- *“Con data do 27 de xuño de 2011, foi aprobado definitivamente o Plan Especial do núcleo rural da Eirexe. Segundo o plano 13 de ordenación, toda a parcela 486, e en consecuencia, as actuacións denunciadas, están fóra das aliñacións establecidas”.*
- *“Conclúese que as actuación de ampliación do muro de fábrica de formigón armado para silo forraxeiro, situado na parcela 486, localízase fóra das aliñacións establecidas no Plan Especial do núcleo rural da Eirexe. **En consecuencia, e de acordo coa normativa urbanística vixente, ditas actuacións non son legalizables, polo que deberá iniciarse expediente de reposición da legalidade.***

#### Fundamentos xurídicos

1/ O Concello de Boqueixón, conta para a súa ordenación urbanística, con Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (en adiante NNSS), aprobadas definitivamente o 15 de maio de 1996, que se encontran afectadas pola entrada en vigor da LOUG.

De acordo co plano de ordenación 4F das NNSS, o solo sobre o que se localizan as actuación executadas, está clasificado como solo non urbanizable de núcleo rural. En cumprimento co disposto no punto e) da disposición transitoria primeira da LOUG, ó solo non urbanizable de núcleo rural, aplicaráselle o disposto integramente na LOUG para o solo de núcleo rural, salvo as maiores limitacións establecidas nas NNSS.

2/ De acordo co plano de estrutura do territorio 3F das NNSS, a parcela na que se realizaron as actuacións, linda cunha vía pública de tipo V, municipal. Segundo o artigo 57 da normativa das NNSS, nas vías tipo V, as liñas de peche de parcela localizaranse, como mínimo, a 5 metros do eixe.

3/ O 27 de xuño de 2011, aprobouse definitivamente o Plan Especial do núcleo rural da Eirexe. Segundo o plano 13 de ordenación, toda a parcela 486 (na que se realizaron as actuacións denunciadas), está fora das aliñacións establecidas.

4/ Antes de adoptar acordo o respecto, procederase segundo o artigo 209.3 apartado b) da LOUG, aplicable por remisión do artigo 210 do mesmo corpo legal, en virtude do cal se establece un prazo de 15 días para audiencia ós interesados.

5/ O artigo 209, da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece que cando se estivesen executando obras sen licenza, ou sen axustarse ás condicións sinaladas nela, o alcalde disporá a suspensión inmediata dos devanditos actos, e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ao interesado.

Instruído o expediente de reposición, e logo da audiencia do interesado, se as obras non son legalizables, por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado, e procederase a impedir definitivamente os usos aos que dese lugar, ou se é o caso, á reconstrución do indebidamente demolido.

Tal como indica o informe técnico, as obras executadas por don Nilo xxxxx, non son legalizables, polo que neste caso procede iniciar o expediente de reposición da legalidade. O procedemento deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación. No caso de incumprimento da orde de demolición, o Concello procederá á execución subsidiaria dela, ou á execución forzosa, mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata logra-la execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000,00 a 10.000,00 euros cada unha. E todo isto, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan.

Por todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística, en relación coas obras realizadas por don Nilo xxxxx, na finca nº 486, do polígono 72 do catastro (referencia catastral nº.: 15012A072004860000ET), sita no lugar da Eirexe, na parroquia de San Verísimo de Sergude (Boqueixón – A Coruña), consistentes na execución dun muro de formigón armado, para silo forraxeiro, situado a unha distancia de 2,30 metros do eixe da vía pública.

2º.- Comunicar esta resolución ó interesado, indicándolle que, no prazo de 15 días hábiles, poderá formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estime convenientes.

## **15.Devolución taxa municipal por comunicación previa de actividade**

### Antecedentes:

Con data do 21/08/2014 e rexistro de entrada núm. 14/1561, dona Lucía xxxxx, con DNI núm. xxxxx presenta nestas dependencias municipais comunicación previa de obras de adaptación de local destinado a unha actividade de centro de rehabilitación de fisioterapia, no local con referencia catastral 3687923NH4338N0001DL, que se empraza no lugar de Vilar, parroquia de Lestedo.

Xunto coa documentación presentada, a solicitante achega os documentos xustificativos do abono da taxa municipal correspondente, polo importe de 61,62 €, en base á ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas; así como tamén consta o abono do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), polo importe de 159,00 €, en base á ordenanza fiscal do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Ámbolos dous importes foron ingresados con data 21/08/2014 na conta bancaria do Concello.

Con data 29/08/2014, a arquitecta encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello, dona María Carmen Novoa Sío, emite o informe técnico, en base á documentación presentada, no que se lle require completar o expediente con documentación complementaria, de acordo co artigo 24 da Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Dito informe comunicóuselle á interesada con data 2 de setembro de 2014 (con rexistro de saída núm. 14/799, de data 4/09/2014).

Con data 17/10/2014, dona Lucía xxxxx solicita a devolución do imposto municipal pola execución de obras, debido a que ditas obras non se executarán por non cumprir o local cos requisitos esixidos no informe técnico.

Con data 3/11/2014, pola alcaldía comunícaselle á interesada que se procederá á aprobación da devolución correspondente ó imposto municipal, polo importe de 159,00€.

requiríndolle que presente o número de conta bancario no que se poida facer efectivo o ingreso, o cal é facilitado pola titular con data do 18/11/2014.

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

**1.- Reintegrar**, a dona Lucía xxxxx, con DNI xxxxx, o importe de **159,00 €** que con data 21/08/2014 ingresou na conta do Concello, en concepto de imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) pola comunicación previa de obras de adaptación dun local destinado a centro de rehabilitación de fisioterapia, no local con referencia catastral 3687923NH4338N0001DL, situado no lugar de Vilar, na parroquia de Lestedo, debido a que ditas obras non se van a executar. O ingreso efectuarase na seguinte conta bancaria: xxxxx.

**2.-** Comunicarlle este acordo á interesada.

### **16.Solicitud de subvención para realización de actividades deportivas, realización de investimentos deportivos e contratación de persoal técnico deportivo, ano 2015**

No BOP número 209 ,do venres 31 de outubro de 2014 saen publicadas as bases da convocatoria do programa de subvencións para concellos e outras entidades locais de apoio ó deporte.

Así con referencia F0101/2015 sae denominada a convocatoria do programa de subvencións para actividade xeral de deportes durante o ano 2015.

Con referencia F0102/2015 sae denominada a convocatoria do programa para infraestrutura e equipamento deportivo durante o ano 2015.

Con referencia F0106/2015 sae denominada a convocatoria do programa para a contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2015.

Á vista das bases de ditas convocatorias a Xunta de Goberno acorda :

1.Solicitar a participación na **convocatoria de programas de apoio ó deporte ,dirixidos a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos durante o ano 2015** para os seguintes programas:

**a.-Actividade deportiva xeral:** promoción do deporte ;plan de escolas deportivas e plan de actividades puntuais por un importe total de 24.900 €, sendo a subvención solicitada polo mesmo importe.

**b.-Infraestrutura e equipamento deportivo:** plan de estruturación departamento de deportes ; reparación e mellora do ximnasio municipal, por un importe total de 24.858´89 € , sendo a subvención solicitada polo mesmo importe.  
Aprobar a memoria valorada por dito importe.

**c.- Contratación de persoal técnico deportivo:** contratación dun técnico deportivo municipal. O importe solicitado e subvencionado é de 7.500 €.

2.Dispoñer dos fondos necesarios para execución do proxecto.

3. Que atendendo a natureza xurídica e ó réxime de protección dos obxectos sobre os cales se pretende actuar no Concello de Boqueixón non son necesarias autorizacións administrativas de ningún organismo.

4. Dispoñer da titularidade sobre o ben para a execución do citado proxecto (neste caso o ximnasio municipal)

5. Declarar estar o corrente das obrigas tributarias e a seguridade social, e as obrigas coa Deputación Provincial da Coruña.

6. Autorizar a deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está o corrente das obrigas tributarias.

7. Acreditar ter elaboradas, rendidas e aprobadas as liquidacións ou contas do exercicio vencido correspondente ao 2013.

8. Aprobar a memoria explicativa das actividades e o proxecto de investimento, que se vai a realizar, nas cales se indican tanto o número de persoas beneficiarias pola axuda como o calendario.

9. Designar o seguinte correo electrónico: [deporte@boqueixon.com](mailto:deporte@boqueixon.com) para os requirimentos, comunicacións de trámite e completar a documentación.

10. Comprometerse a facer constar, en todo tipo de información que se realice no desenvolvemento da actividade subvencionada, a colaboración da Deputación Provincial da Coruña.

11. Nomear a don Jesús Sanjuás Mera como representante para as relacións con esta entidade local coa Deputación Provincial da Coruña.

12. Aceptar e coñecer as bases da convocatoria e os compromisos que nesta convocatoria se indican.

## **17. Rogos e Preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
O alcalde